

**Orde da Consellería do Medio Rural do 23 de decembro de 2015 pola que se convocan para o ano 2016 as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014\_2020**

## **NORMA COMPLEMENTARIA**

**ANO 2016**

**Xaneiro 2016**

A Orde da Consellería do Medio Rural do 23 de decembro de 2015 (DOG Nº 247 do 29 de decembro de 2015), establece a convocatoria das axudas en concorrencia competitiva para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para os agricultores mozos, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, para o ano 2016.

A disposición derradeira primeira da Orde faculta a directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para ditar os actos necesarios para a execución da mesma.

Porén, no contexto de facilitar a maior información posible a todos aqueles que desexen solicitar unha axuda ao abeiro da citada Orde e coa finalidade de que se dipoña de instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución do disposto na mesma, redactase a norma complementaria 1/2016 que será publicada no portal web da Consellería.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral:

Dispón ordenar a publicación na páxina web da Consellería do Medio Rural das instrucións complementarias para adaptar a normativa ás distintas situacións que se dan nas explotacións agro-gandeiras, que se incorpora como anexo.

- Anexo – Norma Complementaria 1/2016.

Doutra banda, o amplo contido técnico da norma e a obriga de tomar decisións sobre as distintas propostas de axuda que se presenten e as súas características, fan necesario que en referencia a axudas correspondentes a estas medidas e submedidas do PDR de Galicia 2014-2020 se cree un Comité Técnico de Avaliación segundo o definido no anexo correspondente.

- Anexo – Constitución do Comité Técnico de Avaliación

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Producción Agropecuaria



Belén M. do Campo Piñeiro

## INDICE

<b>ANEXO I. CONSTITUCIÓN DO COMITÉ TÉCNICO DE AVALIACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>ANEXO II. NORMA COMPLEMENTARIA 1/2016</b>	<b>5</b>
1. Sobre as solicitudes	5
2. Consideracións sobre as explotacións agrarias obxecto de axuda	7
3. Consideracións xerais sobre os beneficiarios	9
4. Consideracións sobre a man de obra da explotación e o cómputo de UTA	10
5. A instalación de persoas agricultoras mozas e os gastos auxiliares	10
6. Inversións auxiliares en plans de mellora	12
<b>ANEXO III. INGRESOS BRUTOS E DIMENSIÓN MÍNIMAS DAS PRINCIPAIS ORIENTACIÓNS PRODUCTIVAS.</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO IV. CLAVES E MÓDULOS MÁXIMOS</b>	<b>26</b>

## Anexo I. Constitución do Comité Técnico de Avaliación

### Composición e funcións do Comité Técnico de Avaliación para as axudas das submedidas 4.1, 6.1 e 6.3 do pdr de Galicia 2014-2020

O Comité Técnico de Avaliación estará composto por 6 membros: o subdirector xeral de Explotacións Agrarias, o xefe do Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario e os catro xefes dos servizos de Explotacións Agrarias Territoriais.

As funcións do Comité engloban:

- A avaliación dos proxectos de carácter innovador.
- A avaliación dos investimentos en aforro enerxético distintos dos clasificados como tal nesta norma complementaria.
- A avaliación dos investimentos novas tecnoloxías eficaces para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> e NH<sub>3</sub> distintos dos clasificados como tal nesta norma.
- A avaliación dos investimentos en xestión de xurro ou esterco distintos dos clasificados como tal nesta norma.
- A avaliación doutras cuestións técnicas que non estea reguladas na norma complementaria.

## Anexo II. Norma complementaria 1/2016

### Instrucións para a xestión das axudas destinadas a apoiar aos investimentos nas explotacións agrícolas, á creación de empresas para os agricultores mozos, e á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións na convocatoria do ano 2016.

A Orde do 23 de decembro de 2015 convoca para o ano 2016 as axudas destinadas a apoiar aos investimentos nas explotacións agrícolas, á creación de empresas para os agricultores mozos, e á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

- O luns 18 de xaneiro do 2016 comezou o prazo de presentación de solicitudes, fixándose como data límite de presentación o **venres 18 de marzo de 2016**

A efectos prácticos, en diante neste documento, utilizarase para referirse as axudas destinadas:

- A apoiar aos investimentos nas explotacións agrícolas o xenérico “plans de mellora”,
- A creación de empresas para os agricultores mozos o xenérico “incorporación”,
- A creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións o xenérico “pequenas explotacións”

Considérase necesario establecer as seguintes especificacións complementarias:

#### 1. Sobre as solicitudes

##### 1.1 Límites de investimento e priorización por UTA

Na presentación dunha solicitude dun plan de mellora ao abeiro da Orde, será necesario ter en conta os límites de investimento e consideracións fixados no artigo 29.5.

A data de referencia dende a que se contabilizarán os investimentos será o 18 de marzo de 2012, tódolos expedientes da liña de axudas da submedida 121.10 da programación anterior que teñan unha comunicación de melloras/solicitude de pagamento posterior a esa data serán tidos en conta, independentemente da convocatoria de axudas á que pertenza.

A existencia das UTAs no momento da solicitude será o que se teña en conta a estes efectos, e en ningún caso contarán para os criterios de prioridade de creación de emprego.

Exceptúase o caso de plans de mellora conxuntos a incorporacións, no que as UTAs futuras consideraranse do xeito seguinte:

- As UTAs creadas como emprego adicional polo mozo que se incorpora, que bonificará a prima de incorporación e priorizará a solicitude, será por contrato laboral e en ningún caso poderá estar vinculada á titularidade da explotación como socio de entidade asociativa, parella do titular da explotación e figuras similares.

Por outro lado o investimento asociado a existencia dunha cantidade de UTAs implicará o requisito obrigatorio de manter esa cantidade de UTAs dende a solicitude ata o fin do período de compromisos.

No caso de que algunha das UTAs comprometidas cause baixa, deberá reemplazarse no prazo máximo de 3 meses. Poderán realizarse cambios sin limitación en número, pero é requisito indispensable que existan as UTAs nun período de tempo mínimo do 80% do período de compromisos.

### **1.2 Permisos e autorizacións**

Para que unha axuda poda ser aprobada deberá obter as licenzas e outras autorizacións, informes ou permisos necesarios para a realización de calquera dos gastos ou investimentos contemplados nas solicitudes.

Xa que logo, os expedientes solo poderán propoñerse para a aprobación si dispoñen desta documentación. Permíteselle ao solicitante, baixo a súa responsabilidade, a presentación dos citados documentos en calquer momento anterior á data de aprobación das axudas, coa data límite do 18 de setembro de 2016.

O solicitante titular ou futuro titular dunha explotación agraria ten que ser coñecedor da documentación requirida para executar as actuacións previstas na súa solicitude (por exemplo, unha solicitude que inclúa un pozo na demarcación hidrográfica Galicia-Costa necesita unha autorización de captación expedida polo organismo Augas de Galicia).

De non aportar ditos documentos daráselle por desistido na súa solicitude.

### **1.3 Obrigas**

Tanto no momento da solicitude como no que se solicite o pagamento da axuda o beneficiario estará ao día das obrigas especificadas na orde.

E importante destacar que a a normativa e a programación orzamentaria obrigan a ser estrito na pronta resolución destas situacións, polo que se aclara nesta norma o proceso a seguir. Cando nos cruces de datos entre organismos públicos aparezcan incumprimentos daráselle ó solicitante un prazo de subsanación de dez días, mediante requirimento de acordo a lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. En caso de non acreditar suficientemente nese prazo, daráselle por desistido na súa solicitude ou comezará un procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda se está xa está recoñecida.

### **1.4 Plan Empresarial**

As solicitudes de axudas á incorporación e para pequenas explotacións deberán presentar un Plan Empresarial que deberá cumprir cos requisitos establecidos na Orde, para a súa elaboración poderán utilizarse como modelo e guía os documentos existentes na Xunta de Galicia a través do portal web do IGAPE no seguinte enlace:

<http://www.igape.es/es/crear-unha-empresa/crear-unha-empresa/plan-de-negocio/modelos-del-plan-de-negocio>

O Plan Empresarial que se presente coa solicitude de axuda de incorporación deberá comezar a aplicarse como data límite inmediatamente despois da instalación efectiva do mozo

No caso do Plan Empresarial da axuda de Pequenas Explotacións fusionaranse as fases previa e de inicio que se especifican para a incorporación.

## 1.5 Publicidade das axudas

Normativa:

- Anexo III do Regulamento de Execución (UE) nº 808/2014 da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 EUR, e que non financien investimentos, colocarse un panel con información acerca da operación (dun tamaño mínimo A3), no que se destaque a axuda financeira recibida da Unión, así como a bandeira europea e o lema “Feader: Europa inviste no rural”, nun lugar ben visible para o público, como a entrada dun edificio.

Cando a operación dea lugar a investimentos, a colocación do panel será obrigatorio cando a axuda recibida sexa superior a 50.000 €.

O emblema da Unión será coas normas gráficas presentadas na páxina [http://europa.eu/abc/symbols/emblem/download\\_en.htm](http://europa.eu/abc/symbols/emblem/download_en.htm), xunto cunha explicación do papel da Unión, por medio da declaración seguinte: «Feader: Europa inviste no rural».

Esta información ocupará como mínimo o 25 % do panel ou páxina web.

Os paneis publicitarios manteranse durante un período mínimo de 5 anos contados a partir do momento do pago da axuda comunitaria.

Con carácter xeral os paneis terán a seguinte forma:



## 2. Consideracións sobre as explotacións agrarias obxecto de axuda

Convén completar a interpretación de algúns dos conceptos que figuran na orde acerca das características e condicións das explotacións para as que se conceden axudas.

En ocasións ao referirse ás explotacións faise mención as explotacións agrícolas, cando en realidade estás axudas van dirixidas a toda a produción primaria, tanto de orixe animal como vexetal, maila que



nun uso estrito da linguaxe habería que referirse ás explotacións agrarias. Este é un problema común ao mundo rural debido as distintas linguas da Unión Europea, xa que nalgunha delas non está tan delimitada esta terminoloxía.

## 2.1 Explotacións de autoconsumo

Resulta importante que, aos efectos desta orde de axudas, se diferencie correctamente entre o que se considera unha explotación agraria comercial e unha explotación agraria de autoconsumo, xa que non existe unha norma específica e única para definilas.

Do requisito de nova titularidade dunha explotación agraria considerarase excepciónado ao mozo que sexa titular dunha explotación de autoconsumo.

- Definiranse como explotacións de autoconsumo aquelas que teñen destinada a súa produción ao consumo familiar, sen que teñan declarados ingresos agrarios por ela.

En canto a dimensións, que cumpran as seguintes características:

- Non dispoña de mais de 250 m<sup>2</sup> de invernadoiro para cultivo de hortalizas
- Non cultive mais de 500 m<sup>2</sup> de hortalizas ao aire libre
- Non cultive mais de 1.000 m<sup>2</sup> de patacas
- Non cultive mais de 1.000 m<sup>2</sup> de vide
- En vacún de leite un máximo de dúas vacas e as súas crías
- En vacún de carne, dúas vacas e as súas crías ou dúas terneiras para cebar si é en explotación intensiva e catro vacas en extensiva.
- En porcino permitiranse ata dúas reprodutoras con as súas crías para cebar ou o cebo de ata cinco porcos
- Na explotación avícola de carne non se permitirá a tenencia de naves específicas destinadas a cría ou posta e en todo caso a produción será menor de 210 kilos en equivalente de peso vivo de ave ao ano.
- En avícola de posta de ovos ata 15 poñedoras
- En cunicultura o censo máximo de reprodutoras será de cinco
- O máximo número de animais ovino-cabrún será de 10
- O máximo número de équidos será de 5
- Os apicultores que non teñan mais de 15 colmeas

Permitiranse combinacións das distintas orientacións produtivas.

## 2.2 Dimensións, rendemento e condicións da explotación

Para os tres tipos de axudas da orde tense en conta a dimensión económica da explotación existente ou futura, xa sea por obrigación ou por puntuación nos criterios de prioridade.

As dimensións a ter en conta en función da renda de referencia para o 2016 (28.396,56 €):

- R.U.T. para o 15% da renda de referencia: 4.259,48 €
- R.U.T. para 35% da renda de referencia: 9.938,8 €
- R.U.T. para o 120% da renda de referencia: 34.075,87 €



Nos casos nos que se valide un rendemento global da explotación por mellora das condicións de vida-traballo, mellora das condicións ambientais ou mellora da hixiene e benestar a R.U.T da explotación poderá verse reducida, pero en ningún caso poderá sufrir unha redución maior dun 20% sobre a R.U.T. actual nin que a redución provoque que a R.U.T. sexa igual o inferior ao 35% da Renda de Referencia.

As explotacións nas que se incorpore un agricultor mozo deberán respetar as dimensións mínimas que figuran no anexo correspondente.

### 3. Consideracións xerais sobre os beneficiarios

#### 3.1 Agricultor activo

Considerarase agricultor activo, de acordo ao real decreto 1075/2014 a aqueles que leven a cabo unha actividade agraria que poderá consistir na produción ou cultivo de produtos agrarios, incluídos a colleita, o ordeño ou o mantemento de animais ou cultivos.

Debe acreditar que ten ingresos agrarios e que, a lo menos, o 20% dos seus ingresos agrarios totais son distintos dos pagos directos da PAC. En caso de non dispoñer de ingresos agrarios maiores do 20% dos pagos directos podería ser considerado agricultor activo, pero quedaría incluído como factor de risco a efectos de controis nos que xa tería que cumprir as condicións

Considerarase normativa básica aos efectos o Regulamento delegado (UE) 639/2014 da Comisión.

#### 3.2 Beneficiario de axudas de pequenas explotacións

No caso dos solicitantes de axudas de pequenas explotacións, ademais do requisito de ser titular dunha explotación agraria inscrita nalgún dos rexistros oficiais da Xunta de Galicia no momento da solicitude, a inscrición non se pode haber realizado despois do 1 de xaneiro de 2015, coa finalidade de evitar que esta se producise co único obxectivo de acceder as axudas, o que sería considerado como unha posible operación de natureza especulativa que sería contraria a regulamentación.

Os titulares das pequenas explotacións deberán demostrar a existencia de ingresos agrarios procedentes da explotación, para o que deberán presentar a copia da última declaración de IRPF

#### 3.3 Beneficiario de axudas de incorporación

As distintas modalidades de incorporación contempladas na orde dan lugar as seguintes consideracións:

- A modalidade 2 de cotitularidade correspóndese coa figura contemplada no artigo 18 da Lei 19/1995 de modernización das explotacións agrarias,
- Na modalidade 3 ademais da casuística mais habitual contéplase a posibilidade de que a sociedade constituída poda ser para a nova creación dunha explotación agraria non existente anteriormente, sen ser necesario que todos os socios sexan mozos, aínda no caso de presentar un plan de mellora conxunto.
- A modalidade 4 régulase pola Lei 35/2011, de 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias e pretende promover a efectos administrativos a titularidade compartida das explotacións agrarias entre os cónxuxes ou persoas ligadas cunha relación de análoga afectividade, inscritas nalgún rexistro público.

#### 4. Consideracións sobre a man de obra da explotación e o cómputo de UTA

1.- Titular que só cotiza ao réxime autónomo agrario. Computa como 1 UTA. Non se aceptará que nestes casos o titular alegue dedicación a tempo parcial coa finalidade de contabilizar como 0,5 UTA

2.- Titular que cotiza autónomo agrario e réxime xeral

2.1.- Con contrato a tempo parcial a media xornada ou menos. Computa como 1 UTA.

2.2.- Con contrato a tempo parcial de máis de media xornada. Computa 0,5 UTA

2.3.- Con contrato a tempo completo, e que non supere o tempo equivalente de 6 meses. Computa 0,5 UTA

3.- Titular que cotiza autónomo (dúas actividades, agraria e outra non agraria)

3.1.- Se a actividade principal é a agraria: Computa 1 UTA.

3.2.- Se a actividade principal é outra: Computa 0,5 UTA

No caso de non poder acreditar a actividade principal mediante documentación da Seguridade Social (Informe de Vida Laboral ou certificado de actividades) o beneficiario poderá xustificar a actividade principal mediante a copia da súa declaración de IRPF, considerando a de maiores rendementos.

4.- No caso de agricultores que sexan socios de varias explotacións, estes poderán computar como máximo só unha uta. Naqueles supostos en que esa persoa xa estea a computar como 1 UTA dunha das explotacións, nas restantes explotacións computará 0 utas.

#### 5. A instalación de persoas agricultoras mozas e os gastos auxiliares

##### 5.1 Data da instalación.

Convén ter en conta a que fai referencia a terminoloxía que se emprega na orde de axudas para definir as etapas dentro dun proceso completo de instalación.

Así ao referirse ao inicio do proceso de instalación do mozo, mediante algunha das altas enumeradas no artigo 2.7, enténdese que estas producíranse cando o mozo expresa a súa vontade de que se produzan, xa que en ocasións os periodos de resolución poden afectar á elexibilidade. Quere isto dicir que se dará validez á presentación do impreso de solicitude de alta debidamente rexistrado. Tamén se considera como inicio do proceso de instalación a solicitude de vinculación á explotación, ao entender que forma parte do procedemento de cambio de titularidade.


Como queda especificado na orde, o proceso de instalación ten que estar iniciado e non finalizado antes da solicitude da axuda xunto á que haberá que presentar un Plan Empresarial. Enténdese que a finalización do proceso de instalación ten lugar cando se completan as condicións establecidas polo artigo 2.7, maila que enténderase validable a solicitude de aqueles mozos que, a pesares de ter cumpridas ditas condicións entre a data fin de solicitude da convocatoria anterior e a data de inicio da convocatoria actual, sin que isto supere o límite dos 12 meses anteriores a solicitude da axuda, se teña dado de alta por algunha das seguintes causas:

- Falecemento do anterior titular
- Incapacidade permanente do anterior titular
- Xubilación do anterior titular

Deberá presentar un plan empresarial no que se especificquen estas circunstancias excepcionais e comenzar a aplicalo inmediatamente despois da aprobación da súa axuda.

Terase en conta outra excepción derivada das características da lexislación da seguridade social, que consiste no seguinte: Un mozo con relación familiar e convivencia co titular da explotación, que debido á realización de traballos esporádicos, se deu de alta hai mais de 12 meses na seguridade social agraria (non se permite dalo de alta como traballador por conta allea) cumprindo así coa normativa vixente, pero que nunca foi titular de explotación nin obtivo ingresos agrarios, será igualmente validable.

En resumo o procedemento de instalación axustarase ao seguinte esquema



## 5.2 Cumprimento do Plan de Empresa

O plan de empresa deberá comenzar a aplicarse inmediatamente despois da instalación efectiva, admitirase a progresividade da instalación, pero non poden entenderse os 24 meses dende a instalación efectiva como un prazo para poñer en marcha a explotación.

A certificación do cumprimento do Plan Empresarial corresponde aos técnicos da Consellería do Medio Rural, polo que deberá facilitarselles a información que soliciten acerca do procedemento e atender as recomendacións, que de consideralo oportuno farán por escrito. Así, por exemplo, esixirase que leven ao día o caderno de explotación.

O cumprimento dos requisitos especificados na Orde excepcionarase, para a existencia de ingresos agrarios, nos casos de orientacións produtivas con longos períodos de entrada en produción.

Dita excepcionalidade permite que para determinadas orientacións produtivas aos titulares se lles certifique o Plan Empresarial si o proceso de plantación e as labores culturais se realizaron axeitadamente durante os 24 meses. Deberán aceptar unha ampliación do períodos de compromiso que extende a súa permanencia para cubrir o retardo na entrada en produción; segundo a seguinte relación:

Actividade (orientación prod.)	Prazo para entrada en produción (anos)	Periodo de compromiso de permanencia (anos)
1 Viticultura	5	8

<b>2 Pequeños frutos:</b> ( <i>arandos, frambuesas, grosellas e moras</i> )	<b>3</b>	<b>6</b>
<b>3 Fruticultura</b>	<b>5</b>	<b>8</b>
<b>4 Viveiros:</b> <i>árboles de produción,</i>	<b>3</b>	<b>6</b>

### 5.3 Gastos auxiliares

A característica especial da axuda, fai que solo haxa que presentar xustificantes cando se obteña un incremento da prima por volume de gasto.

Considerase un gasto auxiliar todo aquel que o modo acredite que foi necesario para levar a cabo a súa instalación ou posta en marcha da explotación. Así, entre outros, poderanse considerar elexibles:

- Xestión e asesoramento vinculados á instalación do mozo. gastos notariais, rexistrados, honorarios de enxeñeiros....
- Adquisición de unidades de produción: animais e plantas que non sexan anuais.
- Todo aquel investimento que necesite a explotación.

En ningún caso admitiranse compras de segunda man, adquisición, construción ou mellora de vivenda, nin aportacións ao capital social para xustificar gastos.

Os importes estarán en todo caso limitados polos módulos existentes no Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario.

## 6. Investimentos auxiliares en plans de mellora

Os investimentos do plan de mellora deberán estar xustificadas dende o punto de vista da situación da explotación e da súa economía. Realízase a tal efecto un estudo técnico-económico no que quede suficientemente documentado que se mellora o rendemento global da explotación. Poderanse excepcionar as situacións especiais que se especifican no punto 2.2 desta norma.

O estudo económico cumprirá as seguintes condicións:

- Teranse en conta as subvencións cobradas no último exercicio polo solicitante, así como as amortizacións e intereses dos préstamos solicitados no seu día.
- Para o cálculo das amortizacións, terase en conta os investimentos de esa explotación/solicitante nos RRDD 204/96, 613/01 e nas convocatorias no período FEADER ata a data.
- A superficie, o gando, e a produción obteranse da base de datos da Consellería. Será necesario que os aporte o solicitante en caso de non tratarse de datos de declaración obrigatoria.
- Será obrigatorio identificar todas as UTAs da explotación.

Os importes elexibles dos investimentos non poderá superar os módulos establecidos polo Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario. De non existir un módulo específico, a modulación realízase tendo en conta os tres orzamentos presentados polo solicitante e o orzamento máis baixo presentado por calquer outro solicitante.

## 6.1 Adquisición de maquinaria agrícola.

Os investimentos en maquinaria agrícola, para plans de mellora, só serán elixibles sempre que se demostre a súa necesidade e adecuado dimensionamento dacordo a capacidade produtiva da explotación no momento da solicitude.

O solicitante poderá xustificar a viabilidade de adquirir unha determinada máquina agrícola cunhas dimensións adecuadas na súa explotación. Respetará a moderación de custes aportando tres facturas ou presupostos de acordo ao esixido na Orde correspondentes a distribuidores e/ou marcas comerciais diferentes.

En ausencia de xustificación, a subvencionalidade de toda a maquinaria agrícola dependerá da modulación, tanto en custe como en dimensións, da que dispón o servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario.

No caso de ser elixibles, estes importes non poderán superar un 30% do límite de investimento total en plans de melloras por UTA e/ou explotación no período de catro anos.

No caso de explotacións gandeiras, o investimento máximo admisible será de 1.500 €/UGM da explotación para a compra do tractor, e doutros 1.500 €/UGM para o resto da maquinaria agrícola. Poderá aplicarse esta limitación á situación final cando os outros investimentos previstos no plan de mellora a xustifiquen tecnicamente.

Para explotacións agrícolas de cultivos extensivos o investimento máximo admisible será de 4.500 €/ha. de superficie de cultivo para a compra do tractor e doutros 4.500 €/ha. para o resto da maquinaria.

No caso de explotacións de horta e flor en invernadoiro, viveiros, ou explotacións frutícolas poderase incrementar este módulo ata un máximo de 30.000 €/ha.

No caso de tratarse de explotacións de apicultura 150 € por colmea. Nesta orientación produtiva subvencionaranse excepcionalmente as desbrozadoras de man e os remolques de vehículos para traslado de colmeas, no caso de realizar trashumancia. Este tipo de remolque tamén poderá ser subvencionado para aquelas explotacións con orientación produtiva ovino/cabrun.

Cando unha explotación tivese obtido subvención para a compra de maquinaria nos 10 últimos anos non poderá obter nova subvención para o mesmo tipo de máquina.

A Consellería do Medio Rural convoca periodicamente axudas para utilización de maquinaria en común mediante a coñecida como “orde de CUMAS”. Polo tanto, co obxectivo de non saturar o parque de maquinaria, non serán subvencionables mediante as axudas da presente Orde as seguintes:

- Colleitoras autopropulsadas e os seus cabezais

Con anterioridade á data da finalización do prazo de execución das melloras a maquinaria e os equipamentos que se adquiran deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA) a nome da persoa titular da explotación, e matriculados cando a tipoloxía da máquina o requira. Exceptuase a compra de remolque para traslado de colmeas ou gando ovino/cabrun, que estaran obrigados a inscribilos no rexistro de transporte animal de gandaría e á realización do curso de benestar animal módulo de conductores.

Tamén se esixirá o carné de aplicador de fitosanitarios no caso de investimentos en maquinaria de aplicación fitosanitarios.

## **6.2 Compra de terras**

É admisible a compra de terras con un límite máximo do 10% do investimento total elixible, repectando as seguintes condicións:

- A valoración das terras será o menor importe entre o prezo pagado polo beneficiario (presentará precontrato) e o prezo establecido na valoración da ATRIGA (Axencia Tributaria de Galicia) polo que é preciso achegar xunto coa identificación SIXPAC da finca, a impresión de valoración obtida a través da páxina web ou a través de formulario
- Serán elixibles todas as terras de uso agrario en solo rústico
- As terras de uso forestal e os pastos arbustivos serán elixibles sempre que se solicite a roturación no mesmo plan de mellora e cumpra o descrito no punto seguinte (1.2)
- Poderán considerarse elixibles os solos urbanos, urbanizables, de núcleo rural, mixtos e asimilados, ou terreos rústicos con melloras ou con edificacións só se está vinculada a soportar todo ou parte da construción ou obra civil solicitada no plan de mellora e coa licenza e permisos.
- En ningún caso se subvencionará a compra de partes de parcelas pero sí de parcelas completas para anexar á explotación coa finalidade de cumprir a normativa vixente ou ampliar os elementos físicos da explotación (aínda que non sexa sobre esta nova parcela) si se realiza legalmente a agrupación.
- As parcelas estarán ubicadas no concello da explotación ou nun limítrofe
- Non se subvencionarán parcelas para cultivos nas explotacións gandeiras sin terras
- A compra debe realizarse en pleno dominio (nin usufructos nin indivisos)
- Non se admitirán compras a familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

O solicitante achegará un precontrato no momento da solicitude

Será obrigatorio realizar escritura pública da compra liquidada a nome titular. Presentar xustificación bancaria na que figure o nome do solicitante e do vendedor. Deberá facerse constar na escritura o compromiso de quedar afectas ó aproveitamento da explotación e manter o investimento auxiliado durante o prazo do compromiso. Deberanse cumprir as mesmas condicións da parcela orixinal, ou sexa, si a parcela está inscrita no Rexistro da Propiedade na situación inicial deberá inscribirse tamén na situación futura. Deberá presentarse a actualización do catastro e as modificacións de titular e uso no SIXPAC.

## **6.3 Pradeiras**

Considérase financiábel a implantación de pradeiras en terreos procedentes de monte.

Para xustificar a implantación de pradeira con retirada de tocos, deberá acreditar mediante a correspondente factura (e xustificante de pago) a roturación con maquinaria allea á explotación.

En tódolos casos, xunto co resto da documentación establecida na convocatoria, o interesado deberá aportar a correspondente solicitude/autorización da Administración forestal ou a comunicación á Administración forestal, segundo o establecido no artigo 60 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

No caso de ser necesario nivelar terras, presentárase a correspondente licenza municipal.

#### **6.4 Cercas**

Considéranse financiábles as cercas de catro/cinco fíos ou de maia sobre soportes de madeira tratada, ou de madeira de castiñeiro sen tratar, ou algún outro material de longa durabilidade (pedra, formigón...). Xustificarase o seu gasto con factura allea, non serán financiábles as estacas achegadas polo propio solicitante (neste caso o módulo máximo subvencionable reducirase nun 60%).

Tamén nestes casos, deberá achegarse copia do plano do catastro ou SIXPAC, coa situación da parcela ou parcelas, e perímetro a pechar.

Serán financiábles os peches que se realicen por unha normativa de obrigado cumprimento ata dous anos despois da súa publicación, coas características que dita norma recomende.

Cando se trate de explotacións de nova construción, aínda que sexa por ampliación a outra parcela ou traslado da existente, subvencionarase os peches coas características que a normativa específica esixa.

#### **6.5 Construcións agrarias**

En todos os casos, o cumprimento da diferente normativa en relación coas construcións agrícolas e gandeiras será imprescindible para o pagamento de calquera das axudas para a modernización das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios.

En todo caso como contido mínimo nos plans de mellora que contemplan investimentos en obra civil deberá incluírse plano detallado a escala mínima de 1:1000, o correspondente bosquexo acoutado e memoria descritiva das construcións, adaptándose estas á tipoloxía da zona.

Na memoria descritiva especificarase ademais as características estéticas das construcións existentes e proxectadas.

No momento da certificación dos investimentos presentárase a certificación final de obra valorada. En referencia ao proxectista, a dirección de obra e a dirección da execución da obra, terase en conta o reflectido no capítulo III da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

De acordo á normativa vixente, os operadores primarios empregarán auga potable ou auga limpa cando sexa necesario para evitar a contaminación, polo que, entre as melloras a solicitar, poderase incluír a instalación dunha potabilizadora, naqueles casos que non dispoñan de auga potable no establo para as operacións de muxido e limpeza de materiais e instrumentos, recomendándose a instalación dun sistema de desinfección das augas que constará de:

- Clorador directo por inxección, con contador de dosificación.
- Depósito.
- Bomba que permita recuperar a presión á saída do depósito.



Este sistema será obligatorio para aquelas explotacións nas que a auga non sexa de abastecemento municipal e non acrediten documentalmente a súa potabilidade, antes da aprobación.

### **6.5.1 Establos para vacún**

Deberase prestar especial atención á súa funcionalidade e á problemática de evacuación de xurro, tendo en conta a elevada pluviometría e as escorrentías que poden producirse de patios de exercicio, corredores de alimentación, etc., polo que deberán ter unha cuberta que ao mesmo tempo permita unha luminosidade e ventilación correctas.

#### **6.5.1.1 Estabulación libre (clave 6128)**

Considéranse incluídas na superficie do “establo vacún libre” do módulo de investimentos, as superficies de:

- Descanso (cubículos e corredores de acceso)
- Corredor de alimentación
- Destete e recría de xatos
- Depósito de alimentos perecedoiros.

Será financiable a suma das devanditas superficies sen superar os 15 m<sup>2</sup>/UGM.

Non se inclúen nesa superficie a leitería, sala de muxir e zona de espera.

O módulo máximo de custo/m<sup>2</sup> comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, emparrillados, portas, fiestras, cubículos, comedeiros, etc.) así como as instalacións eléctricas e de fontanería para subministro de auga.

A superficie máxima financiable en aloxamentos para vacún de leite relativos a estabulación libre será de 15 m<sup>2</sup> por UGM. Para contabilizar esta superficie terase en conta toda a superficie construída agás a sala de muxido e a leitería, aseos e oficina.

#### **6.5.1.2 Estabulación trabada**

Considéranse incluídas na superficie do “establo vacún trabado” do módulo de investimentos as superficies de:

- Prazas de amarre
- Corredor de alimentación
- Comedeiras
- Corredor de limpeza
- Destete e recría de xatos

Será financiable a suma das devanditas superficies sen superar os 7,5 m<sup>2</sup>/UGM estabulada.

O módulo máximo de custo/m<sup>2</sup> comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, portas, fiestras, emparrillados, canais, comedeiros, etc.) así como as instalacións eléctricas e de fontanería para subministro de auga.

O establo deberá ter un volume mínimo de 20 m<sup>3</sup>/UGM estabulada, e dispor de aberturas que subministren a ventilación suficiente.

### 6.5.1.3 Estabulación completa de leite

Considéranse incluídas na superficie do “Estabulación completa vacún de leite”, clave 6118 do módulo de investimentos, as superficies de:

- Descanso (cubículos e corredores de acceso)
- Corredor de alimentación
- Destete e recría de xatos
- Depósito de alimentos perecedoiros.
- Leitería
- Sala de muxido
- Zona de espera
- Oficina
- Aseo
- Almacén (máx. 5% da superficie do establo)

Non se inclúen nesa superficie os silos.

O módulo máximo de custo/m<sup>2</sup> comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, emparrillados, portas, fiestras, cubículos, comedeiros, etc.) así como as instalacións eléctricas e de fontanería para subministro de auga.

### 6.5.1.4 Estabulación completa vacún de carne

Considéranse incluídas na superficie do “Estabulación completa vacún de carne”, clave 6119 do módulo de investimentos, as superficies de:

- Descanso (cubículos e corredores de acceso)
- Corredor de alimentación
- Destete e recría de xatos
- Depósito de alimentos perecedoiros.
- Oficina
- Aseo
- Almacén (máx. 5% da superficie do establo)

Non se inclúen nesa superficie os silos.

O módulo máximo de custo/m<sup>2</sup> comprende a totalidade dos custos das construcións (muros, cubertas, pavimentos, emparrillados, portas, fiestras, cubículos, comedeiros, etc.) así como as instalacións eléctricas e de fontanería para subministro de auga.

No caso de investimentos en explotacións gandeiras de leite, prestarase especial atención ao seguintes aspectos:

### 6.5.1.5 Salas e maquinaria de muxir

En canto á construción da sala de muxir teranse en conta as seguintes consideracións:

- a) Recoméndase que a obra civil da sala de muxir non teña tabiques con portas nas entradas e saídas de acceso aos extremos do foso, para facilitar o paso da vaca á praza de muxido.
- b) Recoméndase que a sala de muxir dispoña dunha zona de espera de  $1,5 \text{ m}^2/\text{vaca}$ , preferentemente circular e con cancela de aprete.
- c) Os paramentos verticais da sala recubriranse ata unha altura de 2 m, cun material fácil de lavar (azulexado ou pintura que cumpran a normativa de produtos para uso alimentario).
- d) O piso do foso de muxir será de material facilmente lavable, non esvaradío e con pendente cara un ou varios sumidoiros.
- e) Terá iluminación eléctrica cun mínimo de  $10 \text{ w/m}^2$  con lámpadas fluorescentes, ou iluminación equivalente.
- f) O grupo de baleiro instalarase nun local alleo á sala de muxir e á leitería. Este local terá unha superficie mínima de  $1,5 \text{ m}^2$ . e unha altura mínima de 2,2 m. O motor e bomba depresora irán separados de calquera das paredes como mínimo 30 cm.
- g) Recoméndase que o tubo de escape da bomba depresora estea provisto dun recuperador de aceite. O extremo deste tubo estará fóra do local.
- h) A sala de muxir será un local suficientemente separado dos establos, sen comunicación directa coa leitería, cunha separación adecuada de toda fonte de contaminación, tales como servizos, esterqueiras ou fosas xurro, entre outros.
- i) As augas de limpeza do equipo de muxido irán canalizadas preferentemente cara a rede de sumidoiros, ou no seu defecto, cara unha fosa específica ou fosa do xurro. As augas de limpeza da sala poderán canalizarse á fosa do xurro.
- j) Para as operacións de muxido e limpeza de materiais e instrumentos deberán contar con auga potable. De non ser así será preciso que estea instalada unha potabilizadora de auga.

Para a maquinaria de muxir terase en conta:

No que se refire aos **robots de muxido** establécese un módulo base de 100.000€ para a primeira unidade, que aumentará en 75.000€ para a segunda e 50.000€ máis para a terceira. Para poder acceder a este investimento deberase xustificar unha produción no momento da solicitude de 500.000 litros no último ano natural, 1.000.000 litros para o segundo e 1.500.000 litros para o terceiro. Esta produción ten que acreditarse no momento da solicitude, non sendo admisible un compromiso de produción.

Se nos últimos cinco anos o beneficiario recibiu un pagamento das axudas de plans de mellora, plans de mellora da competitividade ou primeira instalación de agricultores mozos cun investimento certificado en sala de muxido, non poderá solicitar a instalación dun robot, xa que incumpriría o compromiso de permanencia da sala subvencionada.

Na instalación da **sala de muxido** será subvencionable unha nova, o aumento de puntos e a innovación tecnolóxica en muxido (retirada automática, identificación e medidores)

Establecense tramos de subvención en muxido para o período de 4 anos de subvencionabilidade, cun módulo de investimento básico (clave 8106) en maquinaria de muxir de ata 15.000 € para unha explotación de ata 15 vacas leiteiras, ampliable, por cada vaca de leite do xeito seguinte:

Módulo básico ata 15 vacas	15.000€
----------------------------	---------

Entre 16 e 50 vacas	1.000€/vaca
Entre 51 e 70 vacas	700 €/vaca
Entre 71 e 100 vacas	500 €/vaca
Máis de 100 vacas	300 €/vaca

O módulo máximo virá determinado polo número de vacas existentes na explotación na data de solicitude de axuda, que será o número mínimo na situación futura.

Os módulos establecidos inclúen instalación de muxido completa con maquinaria, conducións, equipos de medida, retiradores automáticos, etc.

En todo caso o investimento máximo será de 100.000 €. Para a aplicación deste límite máximo teránse en conta os investimentos realizados ao abeiro das axudas para a modernización das explotacións agrarias, de incorporación de mozos á actividade agraria e de mellora da competitividade das explotacións leiteiras dende o 18 de marzo de 2012.

Para subvencionar instalacións de muxido novas en explotacións que xa dispoñían delas, débese acreditar un cambio fundamental na tecnoloxía que introduce esa instalación.

Para xustificar o cambio tecnolóxico o solicitante debe presentar unha memoria describindo as características da instalación vella (debe xustificar que está obsoleta, facendo fincapé nos problemas que está provocando ou nos obxectivos que con ela non se poden acadar) e as melloras que vai introducir coa instalación nova (poden incluír melloras sanitarias, produtivas, de condicións de traballo, etc).

Se non se vai substituír a instalación existente, pero se pretenden introducir melloras tecnolóxicas (retiradores de tetoeiras, sistemas de identificación, medidores, etc..) deberase presentar tamén unha memoria xustificando esta innovación tecnolóxica.

Se o que se pretende é aumentar puntos de muxidura deberase acreditar un incremento da produción.

#### **6.5.1.6 Leitería**

##### **6.5.1.6.1 Características xerais**

- a) Terá suficiente superficie. En todo caso a superficie mínima será aquela que permita o paso dunha persoa en torno ao tanque de refrixeración do leite e outros dispositivos propios da leitería como receptor do leite, pía de lavado, etc.
- b) Terá unha porta de entrada dun ancho mínimo de 1,80 m. que permita o paso do tanque. Non obstante non terá ningunha porta de acceso directo desde os aseos, a sala de muxido, o almacén, nin desde calquera outro punto de contaminación.
- c) As paredes interiores serán lisas e lavables ata a altura do teito (pintadas ou azulexadas con materiais que cumpran a normativa de produtos para uso alimentario).
- d) O solo será facilmente lavable, con pendente xeral do 1% que evite o estancamento da auga. Se é de plaqueta, evitarase que sexa demasiado lisa para impedir accidentes por deslizamento.
- e) O teito, ou no seu caso o falso teito, será de material illante a proba de roedores e cumprirá a normativa de produtos para uso alimentario. A altura mínima será de 2,30 m.

- f) Terá ventilación eficaz, cunha entrada de aire das dimensións mínimas do condensador do tanque de refrixeración e situada a nivel do chan e unha saída, a ser posible, na parede oposta e na parte alta. Ambas aberturas irán provistas dunha malla que impida o paso de roedores e insectos.
- g) Terá iluminación eléctrica, cun mínimo de  $10 \text{ w/m}^2$  con lámpadas fluorescentes, ou iluminación equivalente.
- h) Disporá como mínimo dunha toma de corrente para poder encaixar aparatos eléctricos de uso ocasional, como comprobadores de equipos de muxir, etc.
- i) A instalación eléctrica farase de acordo co establecido no regulamento de baixa tensión para este tipo de locais.

#### **6.5.1.6.2 Dispositivos de hixiene**

- a) Pía de lavado da muidora con auga quente e fría.
- b) Lavabo provisto de auga quente e fría, xabón e seca mans.
- c) Billa no exterior, con sumidoiro, para lavar as botas.
- d) Lugar para almacenar os produtos de lavado fóra do alcance dos nenos.
- e) Non se poderán almacenar na leitería pensos, ferramentas e outras substancias e utensilios que non sexan os propios para a manipulación do leite.

#### **6.5.1.6.3 Evacuación de augas**

A leitería terá un desaugadoiro canalizado cara a unha fosa específica, rede de sumidoiros, fosa xeral, fosa de xurro ou zona vexetal absorbente, non admitíndose que se faga o vertido aos arredores da leitería, camiños, cunetas, regatos, etc. Neste desaugadoiro recolleranse as augas dos sumidoiros do solo e das distintas pías instaladas.

#### **6.5.1.6.4 Contorno da leitería**

- a) Terá unha pista de acceso sólida que poida soportar o peso do camión de recollida.
- b) Diante da leitería preverase unha superficie de formigón que chegará como mínimo ata o estacionamento do camión de recollida, de xeito que a manguera da toma de leite, se é o caso, poida sempre pousar sobre unha plataforma limpa.
- c) A devandita superficie terá un acabado que a faga fácil de limpar, e manterase sempre libre de xurro e acumulación de augas sucias, e terá unha boa drenaxe.

#### **6.5.2 Fosas de xurro**

Só se subvencionarán fosas novas, e coas seguintes características:

- a) Terán muros e fondo impermeables para evitar filtracións e contaminación das augas subterráneas.
- b) Financiarase o volume necesario para completar un máximo de  $26 \text{ m}^3/\text{UGM}$  da explotación. No caso de volumes distintos dos establecidos, deberán xustificarse en base ao manexo da explotación, especificándoo no anexo relativo á produción e xestión dos residuos da explotación.
- c) Nas fosas de purín que foran subvencionadas coa capacidade máxima de  $18 \text{ m}^3/\text{UGM}$  permitirase a ampliación subvencionada ata os  $26 \text{ m}^3/\text{UGM}$ .
- d) Estar provista dunha parede con malla perimetral de 1,30 m de alto, como mínimo, sobre o nivel do chan. No caso de ter acceso a través dunha cancela ou porta deberá ter pechadura.

- e) Os accesos necesarios para a extracción do xurro levarán portas que se pecharán inmediatamente despois de utilizalas.
- f) Estará suficientemente distanciada da sala de muxir e leitería.
- g) O módulo de investimento inclúe: escavación, fondo, muros e parede perimetral incluída a malla protectora.
- h) Cando se trate da nova construción dunha fosa para unha explotación de porcino, esixirase a cubrición da mesma para ter dereito a axuda. No caso de gando vacún esta esixencia de cubrición limitarase a aquelas explotacións cunha carga gandeira igual ou superior a 3 UGM/Ha. O requisito da carga gandeira en vacún contrastarase mediante cruce de datos coas declaracións de superficies que obren en poder do FOGGA, e no caso de porcino, coa capacidade rexistrada.
- i) Permitirase a cubrición de fosa de purín como investimento independente, sin necesidade de que vaia asociado á propia fosa.
- j) Tamén se permitirá a reforma da fosa, sempre e cando, se amplie a súa capacidade, como mínimo, nun 50%. A ampliación da capacidade non pode ser unicamente en profundidade.

### 6.5.3 Silos

- a) Financiarase o volume necesario para completar un máximo de 18 m<sup>3</sup>/UGM da explotación.
- b) O custo do módulo comprende os muros de formigón armado e soleira de formigón.
- c) Non se financiarán as cubertas en silos.
- d) Nas cabeceiras contará cunha superficie adicional de formigón de 3 m. e do ancho do silo, para reducir a contaminación por terra.
- e) A soleira do silo terá pendente cara adiante cunha recollida de efluentes preferentemente a unha fosa específica ou no seu defecto á fosa de xurro.

Si na presente convocatoria se solicita un investimento que incremente a superficie forraxeira se permitirá tamén subvencionar a construción dos silos necesarios para o seu almacenamento e conservación, aínda que nos cinco anos anteriores xa se subvencionaran outros silos.

Igualmente, nos casos nos que desde a última subvención dun silo se houbera incrementado a superficie forraxeira da explotación, non se aplicará esta limitación, e poderanse subvencionar novos silos. Este incremento acreditarase mediante as diferentes declaracións da PAC, nas que se comparará a declaración de superficies do ano no que se subvencionou o silo coa declaración empregada nesta convocatoria. Nesta situación o límite de capacidade por UGM será acumulable ao silo anteriormente subvencionado.

### 6.5.4 Almacéns

- a) Financiaranse almacéns para explotacións gandeiras ata chegar a un máximo de superficie en m<sup>2</sup> de:

$$S = 100 + 5 \times n^{\circ} \text{ UGM da explotación}$$

- b) O custo do módulo corresponde a almacéns cubertos, con soleira de formigón e tres laterais pechados (no caso de ser na terra rebaixarase o modulo en 15 €)
- c) O almacén deberá ter acceso fácil ao interior para máquinas e vehículos.
- d) Non serán financiáveis como almacéns as plantas baixas das vivendas.

- e) Recoméndase unha altura mínima do almacén, na parte máis baixa, de 4 metros.

#### **6.5.5 Reformas de construcións existentes**

Cando se pretenda solicitar unha reforma dunha edificación existente haberá que ter en conta o seguinte:

- a) Non se permitirán reformas en construcións que teñan menos de 10 anos de antigüidade ou fosen subvencionadas nos últimos 10 anos.
- b) As reformas a considerar serán sobre a totalidade da construción, en ningún caso poderán admitirse reformas de partes de edificios de xeito independente, aínda que se faga obra civil unicamente nesa parte concreta.
- c) A reforma ten que supoñer a lo menos o 50% do valor do edificio novo (completo) tendo en conta os módulos existentes no Servizo de Explotacións e Asociacionismo Agrario.
- d) O investimento subvencionable para unha reforma non superará o 60% do valor do módulo de obra nova.
- e) No caso de reformas das construcións xa existentes, o solicitante, presentará ademais da documentación común xa especificada para as construcións, unha reportaxe fotográfica do interior e exterior da construción a reformar.
- f) As melloras a realizar en construcións de máis de 20 anos de antigüidade non terán a consideración de reformas. Pero o investimento subvencionable realizado nelas non superará o 60% do valor do módulo de obra nova.

#### **6.5.6 Instalacións**

As instalacións non terán a condición de reforma, e a súa elixibilidade estará condicionada ao criterio de que non se subvencionarán investimentos que conleven unha simple substitución.

Non se considerará unha simple substitución se a instalación que se pretende cambiar ten unha antigüidade de 10 anos.

#### **6.5.7 Compra de naves**

Subvencionarase a compra de naves, coa condición de que se poña en uso cumprindo toda a normativa esixida para a orientación produtiva da que se trate.

A documentación a presentar cumprirá os requisitos comúns si se realiza obra civil, e en todo caso se presentará reportaxe fotográfica, licenza de actividade e a memoria descritiva da nave.

A valoración da nave será o menor importe entre o prezo pagado polo beneficiario (presentará precontrato) e o prezo establecido na valoración da ATRIGA (Axencia Tributaria de Galicia) polo que é preciso achegar a impresión de valoración obtida a través da páxina web ou a través de formulario. De tódolos xeitos o límite máximo subvencionable será o mesmo que para a construción de obra nova e coas mesmas limitacións.

A compra debe realizarse en pleno dominio (nin usufructos nin indivisos).

Non se admitirán compras a familiares en primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

O solicitante achegará un precontrato no momento da solicitude



Será obrigatorio realizar escritura pública da compra liquidada a nome do titular. Presentar xustificación bancaria na que figure o nome do solicitante e do vendedor. Deberá facerse constar na escritura o compromiso de quedar afectas ó aproveitamento da explotación e manter o investimento auxiliado durante o prazo do compromiso. Deberanse cumprir as mesmas condicións da parcela orixinal.

Poderase considerar subvencionable a compra e a súa reforma (cumprindo os requisitos esixidos para as reformas), pero o investimento elixible non poderá superar o módulo de obra nova.

### **6.6 Cambios de investimentos**

Unha vez aprobado o expediente, calquera cambio sobre os investimentos que se aprobaron deberá ser solicitado.

- a) Modificacións nos proxectos de edificación. O beneficiario deberá comunicar as modificacións que pretende realizar, como moi tarde, 6 meses antes de que remate o prazo de execución establecido na resolución de aprobación.
  - a.1. Para cambios que supoñan modificación da licenza municipal, o beneficiario deberá aportar o novo proxecto coas modificacións aprobadas xunto coa licenza modificada e co resto da documentación esixida no artigo 7 da Lei 3871999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
  - a.2. Os cambios que non supoñan a modificación da licenza (modificación da distribución interior...) non será necesario solicitarlos, e na solicitude de pago entregarase o proxecto coas modificacións e coa certificación municipal de que eses cambios non supoñen a modificación da licenza orixinal xunto co resto da documentación esixida no artigo 7 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación. Si este tipo de cambios non foron solicitados e posteriormente autorizados, a axuda certificarase en base á resolución da aprobación. Así, por exemplo, si se tiñan aprobados 50 m<sup>2</sup> de leitería e 70 m<sup>2</sup> de sala de muxido, e ao final realízanse 60 m<sup>2</sup> de leitería e 60 m<sup>2</sup> de sala de muxido, certificaranse para o cobro da axuda 50m<sup>2</sup> de leitería e 60 m<sup>2</sup> de sala de muxido.
- b) Modificacións no resto de investimentos. O beneficiario deberá comunicar as modificacións que pretende realizar, como moi tarde, 6 meses antes de que remate o prazo de execución establecido na resolución de aprobación.

O prazo para resolver estes cambios será de 2 meses. Se transcorrido o prazo para ditar a correspondente autorización, esta non se producise, o beneficiario entenderá denegada a súa petición de cambio de investimento.

## ANEXO III. Ingresos brutos e dimensión mínimas das principais orientacións produtivas.

Clave	Subclave	Descrición	Precio bruto/unidade	Unidade	Dimensión mínima
6	0	Patacas	2.283,85 €	Ha	8,00 Ha
7	0	Amorodo	24.050,00 €	Ha	0,50 Ha
8	0	Kiwi.....	9.135,39 €	Ha	1,00 Ha
9	0	Outras froiteiras.....	9.616,19 €	Ha	1,00 Ha
9	2	Oliveira intensivo	14.250,00 €	Ha	1,00 Ha
9	3	Oliveira extensivo	3.800,00 €	Ha	5,00 Ha
9	4	Arando	66.223,96 €	Ha	0,50 Ha
10	0	Hortalizas aire libre....	31.973,84 €	Ha	0,50 Ha
11	0	Flor aire libre.....	7.137,02 €	Ha	1,50 Ha
12	0	Invernadoiro flor	91.353,83 €	Ha	0,15 Ha
13	0	Invernadoiro hortaliza...	75.366,92 €	Ha	0,15 Ha
14	1	Viveiros Extensivo	90.000,00 €	Ha	0,20 Ha
14	2	Viveiros Mixto	317.500,00 €	Ha	0,10 Ha
14	3	Semilleiros	999.999,00 €	Ha	0,02 Ha
15	0	Viñedo Preferente.....	8.113,66 €	Ha	1,50 Ha
16	0	Viñedo non preferente....	4.567,70 €	Ha	2,50 Ha
17	0	Outros Cereais.....	647,09 €	Ha	20,00 Ha
17	1	Trigo	1.442,43 €	Ha	8,00 Ha
18	0	Outros Cultivos.....	33.055,67 €	Ha	0,50 Ha
44	0	Vacas leite.....	0,31 €	1 Kg. Produc.	95.000 kg
45	0	Xuencas leite	1.260,00 €	Cab	60 cabezas
46	0	Vacas carne.....	743,60 €	Cab	25 cabezas
47	0	Xuencas carne.....	1.200,00 €	Cab	30 cabezas
48	0	Xatos ceba.....	820,38 €	Praza (1,25 cab)	50 cabezas
49	0	Ovellas.....	103,00 €	nai	90 nais
49	1	Ovellas leite	120,00 €	nai	75 nais
50	0	Cabras.....	118,00 €	nai	70 nais
51	0	Eguas	199,84 €	nai	40 nais
52	0	Visóns femias	88,95 €	Ud	250 ud.
53	0	Coellas.....	139,99 €	nai	200 nais
54	0	Enxames .....	100,00 €	Ud	100 ud.
55	0	Porcas nais .....	1.336,05 €	porca nai	30 porcas nai
55	1	Porcas Celtas nais	484,50 €	porca nai	35 porcas nai
55	2	Porcas reproductoras	883,79 €	porca nai	45 porcas nai
56	0	Porcos ceba .....	285,48 €	praza	400 prazas
56	1	Porcos ceba cadena	300,51 €	praza	500 prazas
58	0	Aves carne.....	8,89 €	praza	5500 prazas
58	1	Polo Corral	7,80 €	praza	5000 prazas
58	3	Pavos	27,11 €	praza	2000 prazas
58	8	Polo corral ecolóxico	21,00 €	praza	1500 prazas
59	0	Poñedoras	15,66 €	praza	4500 prazas
59	1	Poñedora ecolóxica	39,67 €	praza	200 prazas
59	2	Recría int.bateria	102,42 €	praza	1000 prazas
59	3	Recría int.chan	84,79 €	praza	600 prazas

59	4	Poñedora ovo para incubar	4,33 €	praza	2000 prazas
59	5	Poñedoras campeiras	20,23 €	praza	2000 prazas

$$RUT = \frac{\text{marxe neta} + \text{excedente neto} + \text{salarios}}{n^{\circ} \text{ UTAs}}$$

*MARXE NETA = ingresos brutos – gastos variables – gastos fixos + subvencións  
– gastos financeiros*

<b>Renda de Referencia (RR) 2016</b>	<b>28.396,56 €</b>
15% RR	4.259,48 €
35% RR	9.938,80 €
120% RR	34.075,87 €

## ANEXO IV. Claves e módulos máximos

A moderación de custes esixida pola regulamentación europea aplicarase mediante a comparación de ofertas diferentes e a aplicación dos módulos para aqueles investimentos incluídos neste anexo.

### 1. Gastos de primeira instalación

clave	descrición	Módulo €
4414	Ud. VACA CARNE 18m-6anos	1.200
4415	Ud. VACA LEITE 18m-3anos	1.200
4515	Ud OVINO/CABR 6 meses – 6 anos	120
4310	Ud. ENXAMES	20
120	1ª ANUALIDADE ARRE. TERRA	-
170	APORT. ECONOM A ENT XURID	-
140	INDEMNIZACION A COHERDEI.	-
130	G. NOTARIAIS-REXISTRO	-
110	G. DIVERSOS 1ª INSTALAC.	-

Os investimentos que se poden incluír na clave 0110 serán:

- Gastos de permisos, licenzas e autorizacións administrativas orixinados pola instalación do beneficiario.
- Adquisición de dereitos de produción e dereitos a prima de carácter individual e transferible conforme a normativa vixente de carácter sectorial que resulte de aplicación.
- Custos de avais dos préstamos de primeira instalación.

Os demais gastos poderanse incluír en algunha das claves definidos neste anexo

### 2. Investimentos en aforro enerxético

clave	descrición	Módulo €
9283	INT PLAC ARREF LEITE <60	3.500,00
9284	INT PLAC ARREF LEITE >60	5.000,00
9285	SIST RECUP CALOR <60	3.500,00
9286	SIST RECUP CALOR >60	5.000,00
9287	VARIADOR FREC <4	1.200,00
9288	VARIADOR FREC >4	1.500,00

### 3. Investimento en xestión de xurros e esterco

clave	descrición	Módulo €
6311	M3. FOSA PURIN ENGRELLADA	59,00
6312	M3. FOSA PURIN FORMIGON.	59,00
6313	M2. CUBRICION FOSA XURRO	33,00
6316	ESTERCOLEIRO	36,00

#### 4. Outros investimentos

clave	nome	modulo €
121	COMPRA DE TERRA	-
1110	Ha. REGADIO A PE	2.446,00
1120	Ha. REGO ASPERSION	6.611,00
1130	Ha. REGO LOCALIZADO	11.900,00
1140	Ha. OUTROS SISTEMAS REGO	2.644,00
1310	MI. POZO de BARRENA	50,00
1321	M3. BALSA METALICA	27,00
1322	M3. BALSA PVC	11,00
1323	M3. BALSA FORMIGON	48,00
1330	MI. CONDUCCIONS XERAIS	20,00
1340	GASTOS DIVERSOS REGO	-
1410	Ha. SANEAMENTO/DRENAXE	4.430,00
1420	Ha. NIVELACION TERRAS	500,00
1493	M2. MALLA ANTIHERBA	0,90
1494	M2. MURO DE CONTENCION	55,00
2620	Ha. FRAMBOESA	-
2660	Ha. KIWI	28.917,00
2680	HA.OUTROS CULTIVOS FROITA	6.286,60
2681	OLIVEIRA PRO. INTENSIVA	7.500,00
2682	OLIVEIRA PRO. EXTENSIVA	4.000,00
4311	Ud. COLMEA (con 1/2 alza)	61,00
4312	Ud. MEDIA ALZA	20,00
4313	Ud. NUCLEOS APÍCOLAS	60,00
4314	Ud. EXCLUDOR APÍCOLA	5,50
4315	Ud. ALIMENTADOR APÍCOLA	2,00
4316	Ud. AFUMADOR APÍCOLA	17,00
4317	Ud. BANCO DE DESOPERULAR (1,5m)	480,00
4318	Ud. EXTRACTOR APÍCOLA (36 cadros) automático	4.100,00
4319	Ud. TANQUE DE MADURACIÓN APÍCOLA (400 kg)	160,00
4320	OUTRA MAQUINARIA APÍCOLA	-
6111	M2. EST. V/CARNE TRABADAS	95,00
6112	M2. PATIO EXERC. CARNE...	21,00
6113	M2. EST. CEBO XATOS	95,00
6115	ST. LIBRE CAR/CUBIC.	106,00
6116	M2. RECRÍA CARNE.....	102,00
6117	M2. SALA PARTOS CARNE....	71,00
6118	M2 .ESTAB. COMPL V. LEITE	153,00
6119	M2. ESTAB. COMPL V. CARNE	125,00
6121	M2. ESTAB. V/LEITE TRABA.	95,00
6122	M2.PATIO EXERC. LEITE...	21,00
6123	M2. SALA PARTOS LEITE....	71,00

clave	nome	modulo €
6124	M2. EST. CRIA-RECRÍA XUV.	102,00
6126	M2. SALA MUXIDO VACUN	190,00
6127	M2. LEITERIA.....	155,00
6128	M2. ESTABLO LIBRE LEITE..	112,00
6129	M2. ZONA ESPERA.....	70,00
6130	M2. CURRO OVINO-CAPRINO	94,00
6131	M2. SALA MUXIDO CAPRINO	142,00
6132	M2. CEBO AÑO-CABRITO.	107,00
6133	M2. LEITERIA CAPRINO	155,00
6134	M2. ENFERMERIA	117,00
6137	M2. XESTAC-PARTO PORCINO	180,00
6140	M2. ALOXAMENTO PORCINO..	-
6141	M2. PARTO CRIA-PORCINO...	193,00
6142	M2. RECRÍA PORCINO	166,00
6143	M2. CEBO PORCINO.....	135,00
6144	M2. CEBO PORCINO ENGRELL.	165,00
6145	Ud. XESTAC. PORCIN. GAIO.	192,00
6146	M2 ALOXAMENTO PORCINO C/C	97,00
6147	M2 NAVE SEMENTAL PORCINO	89,00
6148	M2. NAVE REPOUSO PORCINO	74,00
6149	M2 PATIO PORCINO	12,00
6150	M2. CONSTRUCCION EQUINO	-
6154	M2. INSTAL ELECT CUNICULA	5,50
6155	M2. INSTAL FONTANE CUNICU	1,10
6156	M2. INST SIST REF CAL CUN	52,40
6157	UD. GAIOLAS CUNICULA	33,00
6158	M2. NAVE CUNICULA + INST	200,00
6159	SIST AUTOM LIMPEZ CUNICUL	-
6160	INSTALACION AVICOLA	-
6161	M2.ESTRUCT.CUB.CERRAM.AVI	120,00
6162	M2.SOLEIRA AVICOLA	20,00
6163	M2.ILLAMENTO PANEL 3 CM.	12,00
6164	COMEDEIRO AVICOLA	38,00
6165	M.L.BEBEDEIRO AVICOLA	21,00
6166	M2.VENTILACION AVICOLA	12,00
6167	M2.CALEFACCION AVICOLA	12,00
6168	INSTALACION ELECT.AVI.	5,50
6169	M2.INSTALACION FONTA.AVI.	1,10
6170	ML VENTANA AVICOLA	34,00
6171	UD.SILO 25 M3 AVICOLA	2.379,00
6172	M2. INST. COELLOS PECHADA	119,00
6173	M2.INST. COELLOS ABERTA	46,00
6174	M2 ESTR, CUB, CERRA COELL	67,00
6180	M2.INST.VISONS-OUTROS PEL	44,00

clave	nome	modulo €
6181	M2. CALEFACCION PORCINO	120,00
6182	ML SIST ALIMENT COMED AVI	60,00
6183	UD SIST DOSIF MEDICINAS	1.550,00
6184	UD BEBEDEIRO AVICOLA	27,00
6185	M2 AUTOMATIZ VENTILAC AVI	3,50
6186	M2 INSTALAC ELECT VENTILA	7,50
6187	M2 SIST REFRIXERACION AVI	9,00
6188	ML POÑEDEIRA AUTOMA GALIÑ	300,00
6189	UD POÑEDEIRA MANUAL GALIÑ	500,00
6191	M2 CORREDOR ALIM. CUBERTO	57,00
6192	M2. AREA REPOUSO SEMENTAL	74,00
6193	M2. AREA EXERCICIO SEMENT	18,00
6194	M2. LAZARETO LEITE	130,00
6195	M2 .OFICINA	113,00
6196	M2. ASEO	130,00
6198	M2 NAVE POLOS/OUTR AV+INS	196,00
6222	M2. SEGUNDOS ANDARES ALM.	82,00
6229	M2 ALPENDRE	40,00
6231	M2.PLAT.FORMIGON/SOLEIRA	15,00
6232	M2. ALMACEN ABERTO	60,00
6233	M2. ALM ABERTO COMP CERR	45,00
6234	M2. ALM PECHADO C/ PORTAS	88,00
6235	M2. ALM PECH C/P COMP CER	65,00
6236	M3. SILO FORR AILL C/PLAT	36,00
6237	M3. SILO FORR MULT C/PLAT	28,00
6314	M3 FOSA LAVADO-LIXIVIADO	59,00
6315	M3.OUTRAS FOSAS	30,00
6320	M2.CAMIÑO DE EXPLOTACION	21,00
6333	M. CERCA CON MALLA	5,60
6336	M.CERCA TU-MAIA S/ZOCALO	13,00
6337	M. CERCA TU-MAI CON ZOCL	16,00
6340	M2 CHAMPIÑONEIRA E OUTROS	-
6341	ML MALLA PORCO CELTA	14,00
6342	Poste móbil para pastor	1,50
6343	ML CERCA MIN 4 FIOS	4,00
6344	M CERCA ELECT	2,50
6510	M2. INSTAL.LOMBRICULTURA.	20,00
6530	M2 INSTALAC. HELICICULT.	12,00
7110	M2. TUNEL SEMICIR. HORTA	16,00
7120	M2 ACOLCHADO HORTA.....	1,20
7131	M2. INV. POL-ADITV. HORTA	19,00
7132	M2. INV. MULTIT. HORTA..	21,00
7133	M2. INV. MADEIRA HORTA..	5,50
7140	M2. INV. POL-VIDRO HORTA	60,00



clave	nome	modulo €
7210	M2. TUNEL SEM-CIRC FLOR..	16,00
7220	M2. ACOLCHADO FLOR.....	1,20
7231	M2. INV. POL-ADIT FLOR...	19,00
7232	M2. INV. MULTIT. FLOR....	21,00
7233	M2. INV. MADEIRA FLOR....	5,50
7234	M2. MULTITUN. ESP. FLOR	20,00
7240	M2. INV. POL-VIDRO FLOR.	60,00
7241	INV.M-TUNEL POLICARB 4M	40,00
7250	M2. UMBRACULOS.....	6,00
7313	HA. PRADEIRA DESTOCONADO	1.500,00
7314	HA.PRADEIRA SEN DESTOC.	810,00
7340	Ha. IMPLANTACION AMORODO	
7341	Ha. IMP. AMOR. TEC. BAIXA	9.626,00
7342	Ha. IMP. AMOR. TEC-MEDIA	11.107,00
7343	Ha. IMP. AMOR. TEC-ALTA..	14.082,00
7410	M2. IMPLANTACION CARAVEL	9,90
7420	M2. IMPLANTACION ROSAL...	18,00
7430	M2. IMPL. OUTRAS ORNAMENT	10,00
7440	M2. IMPL. XERBERA.....	14,00
8011	Ud. TRACTOR<40 CV.....	20.000,00
8013	Ud. TRACTOR 60-100 CV	35.000,00
8014	Ud. TRACTOR 101-150 CV	45.000,00
8015	Ud. TRACTOR >150 CV	70.000,00
8016	Ud. TRACTOR 41-59 CV	25.000,00
8020	Ud. MAQUIN. LABOR.-APEI.	-
8022	Ud. FRESADORA.....	4.000,00
8023	Ud. RULO.....	1.800,00
8024	Ud. ARADO.....	4.000,00
8025	Ud. GRADA DISCOS.....	7.000,00
8026	Ud. DESBROZADORA	5.000,00
8027	Ud. DESBROZADORA DE MAN	600,00
8030	Ud. ABONADORA.....	1.800,00
8041	UD. MAQUIN. TRATAMENTOS PULVERIZADOR <1000L	3.000,00
8042	UD. MAQUIN. TRATAMENTOS PULVERIZADOR 1001-1500L	5.500,00
8043	UD. MAQUIN. TRATAMENTOS PULVERIZADOR >1500L	7.500,00
8044	UD. MAQUIN. TRATAMENTOS NEBULIZADOR >500L	9.000,00
8050	Ud. SEMENTAD-PLANTADORAS.	5.600,00
8051	Ud. SEMENTADORA PRATENSES	5.200,00
8052	Ud. SEMENTADORA MILLO....	12.000,00
8053	Ud. SEMENTADORA PATACAS..	7.700,00
8060	Ud. COLLEITADORA GRAN....	25.000,00
8070	Ud. COLLEITADORA HORTALIZ	13.000,00
8074	UD, ARRIMADOR COMIDA	18.000,00
8075	UD. ENCALADORA ARRASTRADA	14.000,00

clave	nome	modulo €
8076	UD. ENCAMADORA	6.000,00
8077	UD. GRADA ROTATIVA	4.500,00
8078	UD. SUBSOLADOR	3.000,00
8079	UD. AUTOCARGADOR PICADOR	35.000,00
8081	Ud. EMPACADORA.....	17.000,00
8082	Ud. SEGADORA ROTATIVA....	6.000,00
8083	Ud. ANCIYO FILEIRADOR..	4.000,00
8084	Ud. DESENSILADORA.....	6.200,00
8085	Ud. MOTOSEGADORA.....	-
8086	Ud. AUTOCARGADOR.....	23.000,00
8087	Ud. COLLEITADORA FORRAXES	2.000,00
8088	Ud. ROTOEMPACADORA	15.000,00
8089	Ud.ENCINTADORA ROTOEMPAC.	8.000,00
8090	Ud. OUTRAS COLLEITADORAS	-
8091	Ud. COLLEITADORA PATACAS	25.000,00
8092	Ud. ARRINCADORA PATACAS	3.000,00
8093	Ud. PALA TRACTOR	4.000,00
8094	Ud. CARGA ROTOPACAS	900,00
8095	Ud. ENCINTADORA	7.000,00
8096	Ud. ESTENDEDORA PLÁSTICO	3.200,00
8097	Ud. CARRO MEXTURADOR AUTOPROPULSADO	100.000,00
8098	Ud. REMOLQUE VEHÍCULO APÍCOLA/OVINO/CABRÚN	4.000,00
8100	Ud. EQUIPOS DE MUXIDO....	-
8101	Ud. INSTAL. MUXIDO PRAZA.	-
8102	Ud. INSTAL. MUXIDO SALA..	-
8103	Ud. INST. MUXIDO CAPRINO.	-
8104	UD. ROBOT MUXIDO	100.000,00
8105	Ud. ARROBADERA	-
8106	MAQUINARIA MUXIDO VACÚN	-
8111	Ud. TANQUE REFRI<2500 LT	11.000,00
8112	Ud T. REFRIX 2500-4000 LT	14.000,00
8113	Ud T. REFRIX>4000-6000 LT	19.000,00
8114	Ud T. REFRIX>6000-10000 L	25.000,00
8115	Ud T. REFRIX>10000 LT	32.000,00
8170	Ud. BOMBA DE AUGA.....	1.500,00
8191	Ud. CISTERNA PURIN.....	15.000,00
8192	Ud. REMOLQUE.....	6.800,00
8193	Ud. AXITADOR PURIN.....	1.200,00
8195	Ud. PERFORADORA	-
8196	Ud. REMOLQUE MESTURADOR	-
8198	Ud. BEBEDOIRO PORTATIL	1.200,00
8199	Ud. COMEDOIRO PORTATIL	1.200,00
8200	POTABILIZADORA	2.600,00
8201	EQUIPO INFORMÁTICO	1.200,00

clave	nome	modulo €
9241	UD GRUPO ELECTROXENO<30KW	1.450,00
9242	UD GRUPO ELECTROX 30-40KW	2.350,00
9243	UD GRUPO ELECTROXENO>40KW	3.350,00
9330	Ha.DESBROCE DE MATAGUEIRA	241,00
9450	M.SETO VEXETAL	7,07
9460	M2. ADECUAC EDIFIC EXIST	12,00
9508	HONORARIOS PLAN EMPRESARIAL	700,00
9509	HONORARIOS DIRECCIÓN DE OBRA	2.000,00
9510	HONORARIOS PROX, ANTEPROX	2.000,00
9511	EQUIP. DETEC. CELO-MAMITE	17.000,00
9521	Ud. MANGADA MANEXO.....	3.000,00
9522	Ud. SILO PENSO.....	2.500,00
9523	Ud. DEPOSITO DE AUGA.....	2.000,00
9524	Ud. AUTOMATIZ. REGO.....	2.000,00
9526	Ud. PASTOR ELECTRICO.....	250,00
5000	INNOVACIÓN	-
5100	OUTROS INVESTIMENTOS	-
5101	OUTROS INVESTIMENTOS FRUTICULTURA	-
5102	OUTROS INVESTIMENTOS HORTOFLORICULTURA	-
5103	OUTROS INVESTIMENTOS APICULTURA	-
5104	OUTROS INVESTIMENTOS VACUN	-
5105	OUTROS INVESTIMENTOS OVINO-CABRÚN	-
5106	OUTROS INVESTIMENTOS CUNICULTURA	-
5107	OUTROS INVESTIMENTOS PORCINO	-
5108	OUTROS INVESTIMENTOS AVICULTURA	-
5109	DEMOLICIÓN	-

A clave 6337, M. CERCA TU-MAI CON ZOCL será exclusivamente para peche sanitario, solo en granxas novas.

A clave 1420, Ha. NIVELACION TERRAS necesita licenza.

A clave 6229, M2. ALPENDRE, refírese aos almacéns que tñen máis dun lado sin cerramentos.

A clave 6232, M2 ALMACEN ABERTO, refírese aos almacéns que non están pechados, e dicir, que un dos seus lados está aberto e nos outros tres presenta cerramentos.

A clave 6233, M2 ALMACEN ABERTO COMP. CERRA., son os almacéns nos que, polo menos, un dos seus lados comparte o cerramento con outra edificación.

A clave 6234, M2 ALM. PECHADO CON PORTAS, refírese aos almacéns que teñen tódolos seus lados pechados.

A clave 6235, M2 ALMACEN PECHADO COMP. CERRA., son aqueles almacéns pechado con portas nos que, polo menos, un dos seus lados comparte o cerramento con outra edificación.

As superficies e os volumes a considerar serán os construídos.

A clave 8026, Ud. DESBROZADORA será so maquinaria que se acople á toma de forza do tractor.

Na clave 9460, M2. ADECUAC EDIFIC EXIST, o módulo establecido xa está reducido ao 60%, ao considerar este investimento como reforma.

A clave 5109, DEMOLICIÓNS, está destinada a favorecer o impacto visual das vellas construcións primando a aqueles que constrúan un novo edificio, eliminando o anterior, nunha mesma parcela.